

VENTOS DE ONS

Lanchas, lanchóns,
xeiteiras e dornas
da Illa de Ons,
vinde a estas praias
limpas e mornas.
Gaivotas, carráns,
pensade na branca area,
ó despunte das mañáns,
os peixes para á miña cea.
Os trapos enchidos polo vento
con proas afiadas como coitelos
cortan o mar con alento
na percura de peixes para collelos.
O mar bica meu corpo enteiro.
Tumbado na area,
¿que goce de vento mareiro
cando é mar chea?
Deitareime ó sol na praia
anque o mar molle a miña saia.

Poemario de Bueu, 2001

Xoán X. Arias Barreiro (Bueu, 1938)

Recibiu varios premios literarios, tamén por poesías en castelán. Colaborador en revistas. Parte da súa obra foi publicado no Centro Galego de Bos Aires e na Hermandad Gallega de Caracas.

“Poemas de vivencias sinxelas, nidiñas, apaixonadas, e fideles ás raíces de quen vive lonxe do lugar e do tempo.”